

FOLLAS NOVAS

De Cantares gallegos a Follas novas

Ambos libros, tanto desde o punto de vista temático como do enfoque vital que nos ofrece a súa autora, conteñen diferencias notábeis. No "Prólogo" de Follas novas explícanos que o primeiro libro reflexa a "frescura propia da vida que comenza".

Libro, pois, de esperanza fronte a este outro "escrito en medio de tódolos desterros", "envolto antre as nubes do postreiro outono", e cuxos versos "espresan as tribulaciós dos que, uns tras outros, e de distintos modos, vin durante largo tempo sufrir ó meu arredore. E isófrese tanto nesta querida terra gallega!".

Unha visión moito máis angustiada nos aspectos individuais, e máis pesimista na análise da realidade social vai impregnar o conxunto do libro. Os motivos deste cambio poden ser múltiples:

- Motivacións persoais: a debilidade física provocada por problemas de saúde, así como o cansazo anímico e o agotamento ante a incompreensión coa que a súa obra foi acollida por diversos sectores do galeguismo.

- Motivacións sociais: O desencanto e o pesimismo pola falta de solucións aos problemas de Galicia dos gobernos revolucionarios (nos que Rosalía tería depositadas certas esperanzas) tras a caída de Isabel II. De forma moi especial debeuna afectar o incremento da emigración que na década de 1870 atinxiu a grandes cantidades de nenos de 12 anos.

Estrutura e temas.

Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón, fillos cativos das horas de enfermidade e de ausencias, refrexan, quisais con demasiada sinceridade, o estado do meu espírito unhas veces; outras, a miña natural disposición (que non en balde son muller) a sentir como nesta obra encontramos dous bloques temáticos fundamentais:

"... que si non pode senón ca morte despirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive e da natureza que o rodea, ser alleo a seu tempo e deixar de reproducir, hastra sin pensalo, a eterna e laiada queixa que hoxe eisalan tódolos

labios. Por eso iñoro o que haxa no meu libro dos propios pesares ou dos alleos, anque ben podo telos todos por meus..."

O libro aparece estruturado en **cinco partes** :

- I. "Vaguedás"
- II. "Do íntimo"
- III. "varia"
- IV. " da Terra"
- V. "as viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos"

que van, como os títulos indican, desde a expresión da intimidade e o desacougo persoal ata novos xeitos de reivindicación cívica.

Segundo isto podemos organizar o contido do libro en dous grupos:

- a) **A poesía subxectiva**, dominante nos dous primeiros apartados, de carácter introspectivo e metafísico, con presenza constante da angustia existencial, a conciencia do sufrimento e a obsesión pola morte. Tratado de diferentes xeitos, adquire grande protagonismo o tema da saudade, sentimento inexplicable de ausencia de algo inconcreto, que conduce á radical orfandade do ser humano. En relación con esta angustia, aparece o tema da "**sombra**", figura polisémica que constitúe unha permanente ameaza e da cal non se pode fuxir.
- b) **A poesía obxectiva**, agrupada nos apartados IV e V e ligada tematicamente cos Cantares Gallegos, con poemas de sentir cívico e colectivo entre os que sobrancea o asunto da emigración. Con todo, e seguindo a liña xeral do libro, estes temas analízanse agora desde unha perspectiva máis reflexiva e máis fondamente pesimista.

A crítica a unha sociedade feudal que mata de fame aos galegos

Forzoso, mais supremo sacrificio.

A miseria está negra en torno deles,

¡ai!. ¡I adiante está o abismo...!

e que coas súas leis provocan a miseria de todo un pobo.

Nalgúns poemas a resignación asúmese como única saída ("¿Por que?"), pero noutros mesmo chega a xustificarse a vinganza como saída individual ("*A xustiza pola man*").

Mais non é só o tema da emigración o único que aparece en Follas novas. Aparece outro moi importante que é a hipocresía social, representada polos "grandes da terra" ("*Tembra un neno no húmido pórtico*") e pola Igrexa.

Neste aspecto é de salientar a crítica ao negocio dos enterros ("*De balde...*"), ou á función social do matrimonio e o seu carácter opresivo para a muller ("*Decides que o matrimonio*").

Técnica formal

Achégase á fala coloquial e espontánea que se caracteriza pola sinxeleza na sintaxe e no léxico.

Como non había unha variedade estándar da lingua galega, a súa poesía échese de castelanismos, vulgarismos, dialectalismos, etc. A autora baséase na fala da súa zona (Padrón), reflectindo dialectalismos do bloque central.

Igualmente o seu estilo é sinxelo, baseado na poesía popular. De aí que os recursos literarios que máis abundan na súa obra son: aliteracións, onomatopeas, anáforas, paralelismos, comparacións, metáforas...

Tamén é moi relevante o uso dos símbolos en Follas Novas : **a pomba** (representa a soidade e o desengano), **as pantasma**s, fontes sen auga, montañas nevadas ou paisaxes ermas (simbolizan a miúdo o esgotamento vital); **o cravo** (unha dor pasada); **a sombra**, símbolo moi expresivo e de difícil interpretación que se asocia a un feito trágico, unha dor ou a propia existencia dorida.

Rosalía mitificada

O mito Rosalía.

Morta Rosalía, e co transcurso dos anos, a súa figura foi trocándose nun mito, que terxiversou e traizoou o sentido da súa obra e a súa personalidade. Esta manipulación debeuse á dificultade que para sectores intelectuais, mesmo do galeguismo católico, supuña asimilar certas ideas de Follas novas, máxime estando estas escritas por unha muller. De aí proveñen os apelativos "nai chorosa", "beata aldeá", "santiña", ... cos que se ten denominado a Rosalía,

cambiando sustancialmente a súa mensaxe e o seu carácter forte. Curiosamente nada disto sucedeu en vida da autora, cando ela tivo que soportar duros ataques e incomprensións polo carácter e contido dalgunha obra.

Sirvan como contraste a estas interpretacións dous textos: de Murguía o primeiro e da propia Rosalía o segundo:

"Se houbo alguén que nos momentos de desgracia se ergueu altivo como un heroe que antes de caer vencido intenta levantarse e loitar aínda, era ela. No seu sangue circulaba, nas súas carnes latexaba algo de indómito e superior."

"Eu, pola miña banda, engadirei que son vella para recibir leccións de ningún mestre de escola, e, polo tanto, que me ateño ao que a miña decencia me dicta, que nisto é o mellor xuíz que puiden achar..."